

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SILLED A, O DÍA 04 DE MARZO DO ANO 2013.

SESIÓN EXTRAORDINARIA convocada pola Alcaldesa o 27 de febreiro de 2013 , A PETICIÓN DA CUARTA PARTE (como mínimo) do número legal da corporación, presentada por escrito asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP en aplicación do artigo 46,2º a) da Lei 7 / 1985 , 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (e normativa concordante).

Membros que asisten:

Alcaldesa-presidenta: Paula Mª Fernández Pena (grupo m. PSdeG-PSOE).

Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE)
Mª Dolores García Troitiño (grupo m. PSdeG-PSOE)
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)
Margarita Campos Espiño (grupo m. PSdeG-PSOE)
Antonio Couso Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)
María Jesús Penela Mato (grupo m. PP)
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)
Marta López Arines (grupo m. PP)
Luis Juan Arceo López (grupo m. PP)
Manuel Asorey Suárez (grupo m. PP)

Asiste a interventora do concello: Isabel Pernas Sánchez.

Asiste a secretaria xeral do concello : Cristina Alonso Losada.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **doce horas do luns 04 de marzo de 2013** ,previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldesa o 27-02-2013, a petición da cuarta parte (como mínimo) do número legal da corporación, presentada por escrito asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP en aplicación do artigo 46,2º a) da Lei 7 /1985 , 2 de abril, reguladora das bases de réximen local (e normativa concordante) , reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Alcaldesa os membros do Pleno enumerados, a interventora, e coa asistencia da secretaria xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia, pásase a tratar o seguinte asunto incluídos na orde do día formado pola Alcaldesa:



(ÚNICO).

DEBATE SOBRE SAÍDA AP 53 EN LAMELA.

Visto que consta na sesión escrito de 21 de febreiro de 2013 (rex entr concello 21 -02-2013, nº 934), asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP (M^a Jesús Penela Mato, José Luis Espiño Espantoso, Marta López Arines, Luis Juan Arceo López, José Antonio Ramos Dobarro e Manuel Asorey Suárez), quenes representan máis da cuarta parte do número legal da corporación (total trece concelleiros), que se transcribe :

“O grupo do Partido Popular de Silleda; Dna. M^a Jesús Penela Mato, D. José Luis Espiño Espantoso, Dna. Marta López Arines, D. Luis Juan Arceo López, D. José Antonio Ramos Dobarro e D. Manuel Asorey Suárez, que como membros que forman máis da terceira parte legal da corporación do Concello de Silleda comparecen ante Vde. e,

EXPOÑEN

Que dende o Partido Popular de Silleda se actuou e xa se conseguiu que o Ministerio de Fomento leve a a cabo as xestións necesarias para a mellora integral do acceso a AP-53 en Lamela; polo que esperabamos que o Concello axilizase o máximo os trámites necesarios, xa que debería de ser redactado un convenio de cesión dos terreos afectados á Red de Carreteras del Estado, e ser aprobado en acordo plenario, na maior brevidade posible. Tendo en conta que dende que o Ministerio de Fomento anunciou a súa intención de mellorar canto antes o enlace da AP-53, o Goberno local de Silleda aínda non realizou ningunha xestión para poñerlle solución a este tema; é polo que,

SOLICITAN


A celebración dun pleno extraordinario para someter a debate o tema co fin de chegar a un acordo plenario para a cesión ao Ministerio de Fomento e conseguir axilizar a situación xa que se trata dun tema urxente e prioritario para Silleda, solicitándolle que colabore e non poña atrancos.

Silleda, 21 de Febreiro de 2013.

*Dna. M^a Jesús Penela Mato (asinado) D. José Luis Espiño Espantoso (asinado)
Dna. Marta López Arines (asinado) D. Luis Juan Arceo López (asinado)
D. José Antonio Ramos Dobarro (asinado) D. Manuel Asorey Suárez (asinado) ”.*

A Alcaldesa explica que se trata dun Pleno extraordinario a petición da cuarta parte do nº legal da corporación, pedido polos concelleiros do PP.

Aberto o debate, desenvólvese así :





O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que quere que conste en acta que mañán van a presentar un escrito renunciando á asignación económica deste Pleno.

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que a Alcaldesa dedícase a terxiversar e a desacreditar ó PP, e en particular a el.

Dí que cando a Alcaldesa entrou no goberno en 2007 non fixo nada para solucionar este problema, anque no Estado gobernaba o PSOE. Prodúcese un cambio de goberno municipal, o cal pónse en contacto con veciños para ceder terreo, sin complicacións, moi sencillo, ten un preacordo que había sobre ese asunto e da lectura a un escrito sobre este asunto e unha solicitude de cerre. Tras as eleccións municipais, prodúcese un cambio de goberno, gana a actual Alcaldesa e goberno, que non fai nada en relación a este asunto, incluso o concelleiro Cuiña falou de cortar a estrada, pouco se fixo. Os veciños queixáronse da situación e o problema que supón, fixeron eles actuacións. Dí que a Alcaldesa di que fixo actuacións co concelleiro, que lle dí que trate co Ministerio, que é o competente. O PP púxose en contacto coa Xunta, con Alfonso Rueda e co concelleiro Agustín Hernández, e que hai contacto coa ministra de Fomento, Ana Pastor, e dí que si a Alcaldesa pon a disposición os terreos o Ministerio fai a obra e da solución ó problema.

Dí que debería facerse un acordo plenario, os veciños poñen a disposición os terreos, e facer a cesión. O PP falou con Alfonso Rueda, Agustín Hernández e que a Demarcación de Carreteras de Galicia vaise poñer en contacto co Concello, coa Alcaldesa, para solucionar esto. Dí que a Alcaldesa no PXOM deixou en fora de ordenación, fora de núcleo, ós veciños de Lamela, a zona de Lamela, e considera que isto é un abuso, una tropelía, e que a Alcaldesa non falou con veciños sobre nada desto e que é un asunto que pódese solucionar.

Dí que cando a Alcaldesa vai a reunións explica a situación doutra maneira, que hai cierres. Isto non se sabía en instancias consultadas e en reunións.

Dí que si a Alcaldesa non negocia cos veciños non vai poder solucionar debidamente e pronto este asunto. Debe solucionarse este problema, hai que poñerse dacordo, falar cos veciños, que non van a poñer problemas. Dí que a Alcaldesa dí que hai convenios, e el dí que non, que debe buscarse unha solución e ofrécense a colaborar coa Alcaldesa.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dí que en decembro de 2003 veu a Silleda Alvarez Cascos (Ministro de Fomento) a inaugurar o tramo de autoestrada que incluía a saída en Cervaña-Lamela, que non tiña razón de ser, debería ter sido en Chapa. Conectaba unha pista ancha cunha estreita, de concentración parcelaria, que non debería terse feito así. Hai perigosidade, ten buratos. O Estado e a concesionaria desenténdense do asunto, non se sabe que fixeron para solucionar esto. Dí que hoxe vaise debater sobre un asunto, pero que hoxe non se vai aprobar en Pleno ningún convenio, dí que debe facerse un convenio entre todos. Dí que o PP pudo sacar este asunto en calquera outro Pleno para tratar sobre él. Este concelleiro fala de trazado alternativo. Dí que a pista actual incluso deixa casas sin saída. Dí que o Ministerio debería estudar un trazado alternativo, do que él fala.



Dí que a pista ancha e a estreita deberían seguir conectadas como tal, porque dan algún servizo a esa zona. Non chega con arrenxar o actual tramo, senón recuperar o trazado alternativo.

Dí que él chegou a solicitar os planos da autoestrada e que neste concello non se atoparon, pero él conseguiu que llos enviaran dende a Dirección Xeral de Estradas nun CD cos planos.


Dí que esta estrada convírtese nun tránsito infernal de vehículos, e si se anchea aínda vai ser peor. Pide que se estudie o trazado alternativo, que salga fora das vivendas e que a pista teña o uso de toda a vida. Debe incluírse no convenio con Fomento e negociar tamén cos vecinos. A pista tal e como está hoxe en día debe cortarse. Prométese pero non hai nada ou hai pouco nos orzamentos do Estado.

A Alcaldesa dí que Espiño dí que o asunto empeza no 2007, pero foi no 2002 con Aznar como presidente do goberno do Estado. Estaba en mal estado e arranxouse con diñeiro autonómico. Di que o concelleiro do PP Espiño dí que o goberno local e a Alcaldesa dende 2007 non fixeron nada, e a Alcaldesa dí que o concelleiro Espiño descoñece os datos e os trámites realizados. Se non hai consignación orzamentaria son acordos no aire, non había respaldo supramunicipal, e di que os impostos municipais non poden condonarse.

A Alcaldesa dí que en decembro de 2012 empezou a haber moitos problemas na vía, abreuse un enorme burato que a Alcaldesa pediu a Fomento que arranxara e que negáronse por non haber cesión de terreos. A Alcaldesa dí que lle produce desazón que o PP diga que falou co conselleiro, e ela dí que hai unha carta do conselleiro de outubro de 2012 na que di que négase a tratar este tema co concello, que debe falarse co Estado, que é o competente. En canto a Ana Pastor e o Ministerio de Fomento, non se lle pideu ó concello que cedesen ou pusesen a disposición os terreos, falou de expropiar.

Di que Espiño mezcla o problema do urbanismo co problema co Ministerio de Fomento. Hai zona en Lamela que non queda en núcleo rural, apenas había crecemento en torno á N-525. Convértese en polinuclear. A Consellería de Urbanismo non permite zonas polinucleares excesivamente extensos. A Alcaldesa dí que ela explicou o PXOM en parroquias, tamén en Lamela, e que presentáronse alegacións para que esas casas queden incluídas en núcleo e ela dí que o concello vai a apoiar estas alegacións dos veciños.

En canto á expropiación, a Alcaldesa di que o concello co Ministerio de Fomento comprometeuse a facer as actuacións necesarias para ampliar a pista. Trátase de que o Ministerio de Fomento fágase cargo da propiedade dese terreo, non selo o Concello, e que o Ministerio de Fomento se faga cargo de todo como propietario. A Alcaldesa dí que tén que facerse un procedemento de mutación demanial polo cal o Ministerio de Fomento farase coa titularidade desta pista, que sexa ben público pero en mans que non sexan municipais. Dí que ela tivo reunións técnicas. O Ministerio debe dar o primeiro paso para isto, hai predisposición favorable a elo, e dí que o venres falou co Ministerio de Fomento para facer a mutación demanial e acordar en Pleno o necesario para elo, e así o Ministerio de Fomento pasa a ser o propietario e así faga xa a reforma urxente e solucione o problema.





O Concelleiro Manuel Cuiña (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) dí ó PP e ó concelleiro do PP Espiño, que é difícil vir a defender neste Pleno un asunto que foi unha tropelia e que cando eso ocorreu non se explicou polo PP nesa época no concello, e a razón de moitas pistas municipais cortadas, incluso xa algunhas asfaltadas. Dí que o 28 de marzo de 2012 en Pleno presentou unha moción sobre este asunto e non houbo máis aportación posteriormente polo PP que o ocorrido nesa sesión. Dí que él pediu varios informes á Policía Local para o seguimento do estado desta pista e no último informe, de novembro de 2012, di que aconsella limitar a velocidade a 20 Km/h ou restrinxir o paso de vehículos de determinadas características, e incluso que se corte este vial salvo para os residentes. Dí que a estrada está perigosa, pasan camións, ducias por día, tamén da canteira. Dí que o concello non vai investir máis cartos en arranxar este vial, pasa máis tráfico que só os veciños, pasa tránsito da autoestrada.

O Concelleiro Manuel Cuiña (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) neste momento verbalmente propón un acordo ó Pleno: se non hai solución firme en sete días (11 de marzo de 2013) polo Ministerio de Fomento ou pola Xunta de Galicia, en base ó informe da Policía Local de novembro de 2012, o Concello de Silleda, en acordo tomado hoxe aquí, vai a cortar o tráfico salvo para os residentes ou labores agrícolas en fincas colindantes ou carga e descarga.

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que o goberno vaise polas ramas, e que debe ir a falar cos veciños, é a solución, os veciños están dispostos a ceder terreos, e aquí fálase de abrir outra vía. Os veciños están dispostos incluso a mover ou tirar un cerre. O goberno local fala de expropiar, esto tardará así anos en arranxarse ; e dí que a día de hoxe sábese que nesta situación non hai recursos económicos. A pista debe ir por onde vai agora e debe arranxarse cos veciños neste sentido.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. Mixto) dí que o camiño natural debe ser o que sexa máis adecuado, e quere saber o que tén previsto o Ministerio de Fomento e o que está orzamentado, pero esta pista en todo caso debe arranxarse, é un vial do Concello de Silleda. Deben facerse as cousas ben, interferir o mínimo nas propiedades dos veciños e que sexa a mellor saída para a autoestrada. Hai que valorar si esta saída tén que existir. Hai unha saída en Silleda que a concesionaria non lle é rentable. Debe verse a necesidade real, ó mellor vale con arranxar a pista e olvidarse do demáis. O Ministerio de Fomento debe arranxar esta pista, tal como está, ou si se anchea, ou buscar un trazado alternativo. Que o PP se poña en contacto coa Xunta e o Ministerio de Fomento parécelle ben, hai que ter en conta informes e condicionantes que existen. Dí que fálase dunha mutación demanial pero que finalmente terá que vir por medio dun convenio. Fala de chegar a un acordo.

Dí que él falou cos veciños, xa hai tempo, e que el coñece a situación da pista e dí que hai políticos que non viron a pista. Sobre o núcleo do PXOM da zona de Lamela, el asistiu a charla, á exposición pública, e él mesmo animounos a que fixeran alegacións incluso en conxunto para ter máis forza, e dí que a alegación vaina facer o arquitecto municipal, que os asesorará, como a calquera veciño, si hai erros no PXOM deben correxirse. Dí que está dacordo en votar este acordo.



O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que se fale antes cos veciños.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dí que non se perxudica ós veciños co acordo.

A Alcaldesa dí que o ano pasado os orzamentos do Estado incluíron 800.000 € para a obra e a expropiación, polo que había intención de expropiar. Dí que este ano non hai cartos para nada máis que arranxar ou parchear, non hai cartos orzamentados no Estado para nada máis. Dí que o convenio estase redactando neste momento polo gabinete de Carreteras do Estado para o Ministerio de Fomento para facer a mutación da propiedade, e envialo ó concello.

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) pide a palabra por alusións, dí que vaise votar no Pleno o acordo que propuso o goberno local no Pleno, pero que eles querían votar outra cousa, según o que o PP propón para este Pleno, unha cesión.

O Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE)_efectúa verbalmente na sesión proposta de acordo ó Pleno con este contido :

O Concello de Silleda, co informe da Policía Local de 28 de novembro de 2012 que recomenda o corte desta carretera, excepto a residentes, tarefas agrícolas de fincas colindantes e carga e descarga, se o 11 de marzo non hai acordo asinado entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, procederá a cortar este vial para todos os vehículos excepto residentes e traballos de labores agrícolas en fincas colindantes e carga e descarga.

Finalizado o debate, a Alcaldesa somete a votación ordinaria a proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE), dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado :

- Abstencións : seis (6) (seis abstencións dos concelleiros do grupo m. PP).
- Votos a favor : sete (7) (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto).
- Votos en contra: ningún.

Resulta aprobado por maioría simple dos presentes .

O Pleno da Corporación Municipal, visto o escrito de 21 de febreiro de 2013 (rex. concello 21 -02-2013, nº 934), presentado asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP (Mª Jesús Penela Mato, José Luis Espiño Espantoso, Marta López Arines, Luis Juan Aceo López, José Antonio Ramos Dobarro e Manuel Asorey Suárez), quenés representan máis



da cuarta parte do número legal da corporación (total trece concelleiros), transcrito, oída a proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE), por maioría simple dos presentes , segundo o contido da proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE), aproba este acordo :

O Concello de Silleda, co informe da Policía Local de 28 de novembro de 2012 que recomenda o corte desta carretera, excepto a residentes, tarefas agrícolas de fincas colindantes e carga e descarga, se o 11 de marzo non hai acordo asinado entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, procederase a cortar este vial para todos os vehículos excepto residentes e traballos de labores agrícolas en fincas colindantes e carga e descarga.

Os concelleiros Luis Juan Arceo López (grupo m. PP) e José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dín que eles trouxeron a este Pleno o acordo para cesión ó Ministerio de Fomento, non outra cousa.

A Alcaldesa e o concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo m. mixto) dín que pideuse polo PP o debate deste asunto.

POLO TANTO, TENDO EN CONTA O ACONTECIDO NA SESIÓN SEGUNDO CONSTA EN ACTA, O PLENO ACORDA :

DEBATE SOBRE SAÍDA AP 53 EN LAMELA


O Pleno ACORDA :

Visto que consta na sesión escrito de 21 de febreiro de 2013 (rex entr concello 21 -02-2013, nº 934), asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP (M^a Jesús Penela Mato, José Luis Espiño Espantoso, Marta López Arines, Luis Juan Arceo López, José Antonio Ramos Dobarro e Manuel Asorey Suárez), quenes representan máis da cuarta parte do número legal da corporación (total trece concelleiros), que se transcribe :

“O grupo do Partido Popular de Silleda; Dna. M^a Jesús Penela Mato, D. José Luis Espiño Espantoso, Dna. Marta López Arines, D. Luis Juan Arceo López, D. José Antonio Ramos Dobarro e D. Manuel Asorey Suárez, que como membros que forman máis da terceira parte legal da corporación do Concello de Silleda comparecen ante Vde. e,

EXPOÑEN

Que dende o Partido Popular de Silleda se actuou e xa se conseguiu que o Ministerio de Fomento leve a a cabo as xestións necesarias para a mellora integral do acceso a AP-53 en Lamela; polo que esperabamos que o Concello axilizase o máximo os



trámites necesarios, xa que debería de ser redactado un convenio de cesión dos terreos afectados á Red de Carreteras del Estado, e ser aprobado en acordo plenario, na maior brevidade posible. Tendo en conta que dende que o Ministerio de Fomento anunciou a súa intención de mellorar canto antes o enlace da AP-53, o Goberno local de Silleda aínda non realizou ningunha xestión para poñerlle solución a este tema; é polo que,

SOLICITAN

A celebración dun pleno extraordinario para someter a debate o tema co fin de chegar a un acordo plenario para a cesión ao Ministerio de Fomento e conseguir axilizar a situación xa que se trata dun tema urxente e prioritario para Silleda, solicitándolle que colabore e non poña atrancos.

Silleda, 21 de Febreiro de 2013.

Dna. M^a Jesús Penela Mato (asinado) D. José Luis Espiño Espantoso (asinado)
Dna. Marta López Arines (asinado) D. Luis Juan Arceo López (asinado)
D. José Antonio Ramos Dobarro (asinado) D. Manuel Asorey Suárez (asinado) ”.

A Alcaldesa explica que se trata dun Pleno extraordinario a petición da cuarta parte do nº legal da corporación, pedido polos concelleiros do PP.

Aberto o debate, desenvólvese así :

(.....)


Durante o debate do asunto ,segundo consta na acta da sesión, o Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE)_efectúa verbalmente na sesión proposta de acordo ó Pleno con este contido :

O Concello de Silleda, co informe da Policía Local de 28 de novembro de 2012 que recomenda o corte desta carretera, excepto a residentes, tarefas agrícolas de fincas colindantes e carga e descarga, se o 11 de marzo non hai acordo asinado entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, procederá a cortar este vial para todos os vehículos excepto residentes e traballos de labores agrícolas en fincas colindantes e carga e descarga.

Finalizado o debate, a Alcaldesa somete a votación ordinaria a proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE) , dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado :

- Abstencións : seis (6) (seis abstencións dos concelleiros do grupo m. PP).
- Votos a favor : sete (7) (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo m. Mixto).
- Votos en contra: ningún.

Resulta aprobado por maioría simple dos presentes .



O Pleno da Corporación Municipal, visto o escrito de 21 de febreiro de 2013 (rex entr concello 21 -02-2013, nº 934), presentado asinado polos seis concelleiros do grupo m. PP (M^a Jesús Penela Mato, José Luis Espiño Espantoso, Marta López Arines, Luis Juan Arceo López, José Antonio Ramos Dobarro e Manuel Asorey Suárez), quen representan máis da cuarta parte do número legal da corporación (total trece concelleiros), transcrito, oída a proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE), por maioría simple dos presentes , segundo o contido da proposta de acordo efectuada verbalmente na sesión polo Concelleiro delegado de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández (portavoz suplente do grupo m. PSdeG-PSOE), aproba este acordo :

O Concello de Silleda, co informe da Policía Local de 28 de novembro de 2012 que recomenda o corte desta carretera, excepto a residentes, tarefas agrícolas de fincas colindantes e carga e descarga, se o 11 de marzo non hai acordo asinado entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Silleda, procederase a cortar este vial para todos os vehículos excepto residentes e traballos de labores agrícolas en fincas colindantes e carga e descarga.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levanta a sesión sendo ás trece horas e cinco minutos do mesmo día.

Estendéndose a presente acta, da que, como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, 04 de marzo de 2013.

Vº e Pr. A Alcaldesa



Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

